

Notas sobre os Cadros de Vacacións



Comezou o período para confeccionar os cadros de vacacións. A data límite para gravar é o 28 de febreiro, pero non convén apurar prazos, e si coñecer as condicións en que debe facerse antes de decidir. Informámoste:

O persoal con libranza de todos os sábados, polo Acordo de sábados libres, ten **25 días efectivos** de vacacións, e 1 día máis para quen goce polo menos 18 días (15 en xornada partida) fóra do período de "verán" (1 de Abril a 30 de Setembro), os poucos/as

compañeiros/as que traballan sábados alternativos teñen o cómputo verán/inverno do Acordo 06/02/2001.

O resto de condicións sobre vacacións segue igual: a posibilidade de partilas ata en 4 períodos, o último con previo acordo. Pero queremos recordarche os criterios recollidos fundamentalmente no XXII Convenio Colectivo de Banca (art.º 26, Vacacións), que, por ser os legais, prevalecen e deben respectarse:

- O cadro de vacacións é propio de cada oficina ou dependencia. Non ten ningún soporte legal, normativo, nin organizativo, considerar outro ámbito.
- Farase un cadro para cada Grupo profesional de Convenio: administrativos (Niveis 9 ao 11) e técnicos (Niveis 1 ao 8).
- En calquera caso, o persoal debe coñecer o seu período de vacacións polo menos con dous meses de antelación á data do seu inicio.
- Dentro do grupo de administrativos, a preferencia para elixir as vacacións establécese en función da antigüidade, respectando que o persoal con fillos e/ou fillas, con idades de 3 a 16 anos poidan collelas no período de vacacións escolares.
- No grupo de técnicos, fíxanse de mutuo acordo entre a empresa e o traballador, tendo en conta, igualmente, o feito de ter fillos ou fillas en idade escolar ou preescolar. O mutuo acordo significa que non é a Dirección quen asigna as vacacións.
- O período que marca o convenio colectivo é do 01.03 ao 30.11, pero non quere dicir que non se poidan elixir no resto de meses, co acordo da empresa.
- No caso de Canarias, os cinco días naturais adicionais por insularidade, pódense gozar antes ou despois do período de vacacións, tal e como o estableceu o TSX de Canarias, mediante Auto de data 10 de Setembro de 2013, por iniciativa de CCOO.

Recordámoste tamén que temos 4 días de licenza retribuída, máis outro entre o 24/12/14, 31/12/14 ou 5/01/15. De igual xeito, a iniciativa de pechar algunhas oficinas durante o mes de agosto non debe condicionar a elaboración dos cadros de vacacións, nin da oficina pechada, nin da receptora. As necesidades do servizo, a meses vista, non son válidas e hai xurisprudencia que o estableceu así. Só se poden utilizar como argumento se son sobrevidas.

Esperamos que esta información vos axude para marcar as vosas vacacións. Se tedes dúbidas contactade cos nosos Delegados ou Delegadas de CCOO en BBVA.

Febreiro 2014

Ficha de afiliación

Data _____

Nome e apelidos _____

DNI _____ Data nactº _____ Oficina _____

Domiciliación:

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

C. electrónico _____ Firma: _____

(Entrégaa aos teus representantes de COMFIA CCOO BBVA)

PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade coa lexislación de Protección de datos de carácter persoal, te informamos que tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como -en todo caso- a la C.S. CCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es> hacer clic sobre Conoce CCOO. La finalidad del tratamiento de tus datos, por parte de todas ellas, la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado/afiliada. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, C/ Fernández de la Hoz nº 12 - 28010 Madrid. Deberás indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un correo electrónico a lpd@ccoo.es o llamar al teléfono 917028077.